

DECRETO DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: Convocatoria para a selección en réxime laboral temporal de 2 peóns en situación ou risco de exclusión social perceptores de RISGA 2023.

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de **2 Peóns**, ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. (DOG nº 22, de 01/02/2023).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 10/05/2023,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. Natalia Puente Piñeiro, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Persoal do Concello de Begonte.

Secretario: D. Manuel Seijas Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Persoal do Concello de Begonte.

Vogais:

Titular: Dna. Sara Martínez Ferreiro, Persoal do Concello de Begonte

Suplente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Persoal do Concello de Baralla.

Titular: D. Manolo Prado López, Persoal do Concello de Rábade.

Suplente: Dna. Mónica Vázquez Fandiño, Persoal do Concello de Láncara.

Titular: D. Jose Ángel Balseiro Amido, Persoal do Concello de Rábade.

Suplente: D. Julio González Casanova, Persoal do Concello de Friol.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro martes, día 23 de maio de 2023 ás 10h00 horas nas Oficinas da Casa do Concello de Begonte, para a súa constitución e proceder a realización da proba práctica e valoración na fase de concurso dos méritos alegados polos aspirantes.

Convocar asemade, en único chamamento, para ese mesmo día 23 de maio aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da, realización da proba práctica, nos seguintes horarios:

- 10.30 h. no Polígono Industrial de Begonte- Nave municipal, proba práctica.

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.



TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncio da Casa do Concello, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica, na Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

